

ESTÁS NA
CASA



“PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID-19 NO CURSO 2021-2022”

MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICA

1) Denominación do centro, enderezo e teléfonos.

CPR PLURILINGÜE LA SALLE. Rúa Pardo Bazán, s/nº. Tlf. 981 31 81 11

2) Membros do equipo Covid (incluír posible asignación de tarefas aos membros).

Persoa titular da dirección do Centro: DALMACIO CORRAL MORENO.

Datos de contacto: direccion@lasalleferrol.es

Teléfono: 981 31 81 11

Encargado de manter a comunicación cos diferentes órganos das consellerías de Educación ou Sanidade, así como traballadores/as, familias e alumnado.

Encargado de coordinar ao equipo de traballo e de colaborar nos traballos indicados no protocolo.

Membros do profesorado: MATEO ENOL RUIZ FERNÁNDEZ (EPO).

mateoruiz@lasalleferrol.es

LORENA MONTERO NOVO (ESO).

lorenamontero@lasalleferrol.es

ANDREA BARCÓN SEDES (EI+1º e 2º EPO).

andreabarcon@lasalleferrol.es

Encargados das tarefas de coordinación relacionadas cos diferentes aspectos recollidos no protocolo en relación á súa etapa/zona do centro.

Tamén deberán realizar as tarefas de colaboración coa administradora do centro para a xestión dos materiais indicada no protocolo.

Administración: MARÍA TERESA MARTÍNEZ VILARIÑO.

admin@lasalleferrol.es

Encargada de presupostos, compra e control de custos asignados ao Covid, ademais de coordinarse co equipo para xestionar a distribución e inventariado dos materiais dispoñibles.

Teléfono de contacto profesorado e persoal do centro: 981 31 81 11

Encargada de realizar a chamada aos familiares e ao centro de Saúde ou 061 de ser necesario, sempre que sexa posible para favorecer a rapidez nas comunicacións e o aillamento no espazo asignado.



ESTÁS NA
CASA



Canle de comunicación cos membros da Comunidade Educativa: Páxina Web e plataforma Sallenet. Co profesorado realizaranse tamén comunicacións a través do correo electrónico corporativo.

3) Determinación do espazo de illamento Covid e dos elementos de protección que inclúe.

Espazo de aillamento Covid: Despacho de recepción ubicado na zona de acceso por secretaría. Esta habitación inclúe un espazo libre de elementos, de maneira que facilite a limpeza e hixienización do mesmo, xanelas que permiten unha correcta ventilación, un espazo para unha cadeira e unha porta que permite á persoa acompañante manter unha distancia de seguridade superior á recollida nos protocolos. Ademais, no espazo de illamento dispónse de panos desbotables, papeleira de pedal e xel hidroalcohólico para manter as medidas recomendadas de hixiene. O espazo está ubicado na entrada ao centro, polo que se facilita o tránsito da persoa ao exterior. Así mesmo está próximo á administración, favorecendo un rápido acceso ás liñas telefónicas.

4) Número de alumnos por nivel e etapa educativa (utilizar un cadro).

EDUCACIÓN INFANTIL	EDUCACIÓN PRIMARIA	EDUCACIÓN SECUNDARIA
4º 18	1º 25	1º 23
5º 19	2º 22	2º 29
6º 19	3º 25	3º 21
	4º 22	4º 17
	5º 20	
	6º 25	

5) Cadro de persoal do centro educativo (unicamente número de efectivos).

EDUCACIÓN INFANTIL	EPO	ESO	EE
3	10	11	2

6) Determinación dos grupos estables de convivencia (infantil e primaria) e dos colaborativos na etapa de infantil, con asignación da aula, do alumnado, do profesorado que exerza a titoría e os especialistas que impartan materias ao grupo.

EDUCACIÓN INFANTIL:

4º: Aula 1 da zona de Educación Infantil.

Titora: Andrea Barcón Sedes.


Especialistas: Inés Rodríguez Martínez, Teresa López Vilela e Cristina Velón Sixto.

Alumnado: 18

GRUPOS COLABORATIVOS: 4

5º: Aula 2 da zona de Educación Infantil.

Titora: Inés Rodríguez Martínez.



ESTÁS NA
CASA



Especialistas: Andrea Barcón Sedes, Cristina Velón Sixto e Beatriz Cabalar Pico.

Alumnado: 19

GRUPOS COLABORATIVOS: 4

6º: Aula 3 da zona de Educación Infantil.

Titora: Marta Fábregas Prieto.

Especialistas: Andrea Barcón Sedes, Cristina Velón Sixto e Teresa López Vilela.

Alumnado: 19

GRUPOS COLABORATIVOS: 4

EDUCACIÓN PRIMARIA OBRIGATORIA:

1º: Aula 4 da zona de Educación Infantil.

Titora: Teresa Barba Barba.

Especialistas: Elías Eguibar Briones, Teresa Filgueiras Cortés, Cristina Velón Sixto.

Alumnado: 25.

2º Aula 5 da zona de Educación Infantil.

Titora: Carmen Pena Vázquez.

Especialistas: Elías Eguibar Briones, Teresa Filgueiras Cortés e Cristina Velón Sixto.

Alumnado: 22.

3º: Aula 1 da zona de Educación Primaria.

Titora: Alejandra Sevilla Basoa.

Especialistas: Elías Eguibar Briones, Teresa Filgueiras Cortés, Carmen Pena Vázquez, Mateo Enol Ruiz Fernández, Cristina Velón Sixto, Beatriz Cabalar Pico e Cristiña López Jiménez.

Alumnado: 25.

1 alumna en modalidade combinada coa aula EE.

4º Aula 2 da zona de Educación Primaria.


Titora: Laura Alonso Pumar.

Especialistas: Elías Eguibar Briones, Teresa Filgueiras Cortés e Cristina Velón Sixto.

Alumnado: 22

5º: Aula 3 da zona de Educación Primaria.

Titor: Teresa Filgueiras Cortés.



ESTÁS NA
CASA



Especialistas: Dalmacio Corral Moreno, Teresa López Vilela, Laura Alonso Pumar, Mateo Enol Ruiz Fernández, Cristina Velón Sixto, Beatriz Cabalar Pico e Cristiña López Jiménez.

Alumnado: 20

1 alumno en modalidade combinada coa aula EE.

6º: Aula 4 da zona de Educación Primaria.

Titora: Mateo Enol Ruiz Fernández.

Especialistas: Dalmacio Corral Moreno, Laura Alonso Pumar, Teresa López Vilela, Carmen Pena Vázquez e Teresa Filgueiras Cortés.

Alumnado: 25

7) Medidas específicas para os grupos de infantil, con inclusión de medidas que xa figuren no protocolo das consellerías ou doutras acomodadas á realidade do centro e do grupo.

En Educación infantil, tendo en conta as características das aulas e as necesidades derivadas do desenrolo evolutivo do alumnado, non será preciso manter a distancia interpersoal dun metro entre os nenos.

O profesorado terá que facer uso da máscara como medida preventiva.

As entradas, saídas e recreos faranse de forma gradual evitando o contacto entre grupos e mantendo adecuadamente a distancia de seguridade no momento da espera.

O acceso aos patios estará regulado por tempos por aula, de maneira que as entradas e saídas sexan graduais.

Ao chegar á escola, establécese como rutina a toma de temperatura a todos o alumnado.

Ao inicio da xornada levaranse a cabo accións nas que se traballe a lembranza de normas de hixiene e a concienciación do alumnado coa pandemia, actividades que se realizarán presentadas como algo lúdico. Tendo en conta que o uso do xel hidroalcohólico en idades temperás pode supor o risco de que metan inmediatamente os dedos na boca, optarase polo uso de auga e xabón como método de hixiene preferente, empregando só os dispensadores de xel hidroalcohólico con supervisión.

Para o alumnado de 1º e 2º ciclo de Educación Infantil, restrinxirase o uso do xel hidroalcohólico e priorizarase o uso de auga e xabón ou outros tipos de solucións xabonosas.

Para o momento da asemblea empregarase a alfombra e tamén cadeiras, procurando unha maior separación entre alumnos/as.

Para o xogo en recantos (ambientes) organizarase a desinfección frecuente, tanto do espazo como dos materiais.

Evitar materiais de moitas pezas ou de materiais que serían de difícil desinfección.

Eliminaranse os xoguetes ou obxectos que non sexan estritamente necesarios.



ESTÁS NA
CASA



Incluirase nas rutinas de aula o lavado frecuente de mans, tanto con auga e xabón coma con hidroxel (baixo a supervisión do adulto), e a utilización do baño asignado por aula.

O uso dos baños estará controlado por unha esfera vermella con velcro por aula que levará o alumno/a e pegará na entrada para sinalizar a ocupación do mesmo. Os w.c. terán un aforo máximo dun alumno/a. A esfera será desinfectada despois de cada uso.

O almorzo de media mañá virá nunha bolsa impermeable de fácil desinfección no caso de ser necesario. Nela os alumnos traerán unha botella de auga de uso individual e alimentos que poidan tomar de forma autónoma para evitar a manipulación dos adultos.

Recoméndase o uso de máscara de protección sen chegar á obrigatoriedade.

Permítese o acceso aos elementos de xogo como tobogáns. O uso será exclusivo para un mesmo grupo por patio/recreo. En Infantil, atendendo á asignación horaria por grupo. En 1º e 2º rotando patios por día.

As aulas de 4º e 5º farán uso dos wc anexos á aula de 4º de Infantil. 6º de infantil, 1º e 2º de primaria farán uso dos w.c anexos á aula de Educación especial.

O alumnado da aula de educación especial fará uso do wc correspondente á súa aula ordinaria, tendo en conta o asignado en cada grupo de sexo como de maior limpeza.

8) Canle de comunicación para dar a coñecer ao equipo Covid os casos de sintomatoloxía compatible, as ausencias de persoal non docente e profesorado e para a comunicación das familias co equipo Covid para comunicar incidencia e ausencias.

O método xeral para establecer contacto será o telefónico, a través do teléfono do centro escolar (981 31 81 11) ou do correo: direccion@lasalleferrol.es.

A nivel interno, a administradora cando teña que realizar unha chamada de aviso por sintomatoloxía coincidente, ou ben, cando reciba unha chamada por parte dunha familia pola mesma situación, comunicarse persoalmente cun dos membros do equipo, preferentemente co responsable, para dar a coñecer os casos de sintomatoloxía compatible.

As ausencias de persoal non docente e profesorado serán comunicadas directamente ao responsable do equipo covid de maneira telefónica.

9) Procedemento de rexistro de ausencias do persoal e do alumnado.

Mantemos o procedemento ordinario que consiste en empregar a plataforma sellenet para indicar as ausencias ao centro escolar. Ademais, se a ausencia é debida á presenza de sintomatoloxía común ao Covid, o profesorado ou as familias do alumnado afectado terán que comunicalo de maneira inmediata por vía telefónica tal e como se detalla no punto anterior.

Unha vez recibida a notificación dun aillamento, rexistrarase a falta xustificada para ese alumno/a.




ESTÁS NA
CASA



10) Procedemento de comunicación das incidencias as autoridades sanitarias e educativas a través da aplicación informática.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, xuntamente coa Consellería de Sanidade, dispón da canle informática denominada “EduCovid”, específica para a comunicación dos datos básicos dos contactos próximos dos casos confirmados. A canle informática subministrará de xeito seguro e con respecto á normativa de protección de datos os seguintes fluxos de información:

- Para comezar a identificación de contactos estreitos relacionados co centro educativo o antes posible, recoméndase que o caso confirmado ou a persoa de referencia notifique o resultado positivo ao centro. Deste xeito, o Equipo Covid poderá comezar a recompilar a información necesaria para a identificación dos contactos estreitos.
- Sempre que ao Equipo Covid se lle notifique que existe unha persoa cun diagnóstico confirmado de Covid-19 no centro de ensino, deberá pórse en contacto coa Central de seguimento de contactos (CSC) para identificar os contactos estreitos do ámbito educativo. O contacto se realizará a través do número de teléfono específico para educación, habilitado de 9 a 22h todos os días da semana e que estará dispoñible en EduCovid, na Axuda da aplicación, así como tamén nos apartados Equipo e Centro médico.
- Como ocorre con calquera outro caso confirmado de Covid, unha vez localizado o centro, a CSC envía unha notificación ao Equipo Covid, a través da aplicación EduCovid solicitando os contactos estreitos do caso que se produciran no ámbito educativo.
- Neste momento, se previamente non se fixo, o Equipo Covid deberá pórse en contacto coa CSC a través do número de teléfono dispoñible en EduCovid, na Axuda da aplicación, así como tamén nos apartados Equipo e Centro médico.
- Sempre será a CSC a que cargará a petición de contactos en EduCovid, para o que identificará ao caso coa correspondente IdOrixe. Se a CSC atopa dificultades para localizar ao caso no centro concreto, facilitaralle a IdOrixe ao Equipo Covid e pediralle que realice a súa carga en EduCovid. En ningún caso se notificarán contactos estreitos por medios diferentes a EduCovid.
- O persoal da CSC axudará ao Equipo Covid a identificar e elaborar a listaxe de contactos estreitos do caso. Estes contactos estreitos poderán seleccionarse da “Rede de contactos” proposta por EduCovid na que se inclúen compañeiros de clase, de comedor, profesorado e outros (coma os recreos, etc...). Para esta determinación terase en conta o previsto no **Anexo II**.
- **Existe a posibilidade de que algún contacto estreito do caso non se atope dentro desta rede de contactos, polo que o Equipo Covid deberao incorporar de forma manual.** Unha vez definida a listaxe de contactos estreitos que precisan corentena, e tras ser acordada co persoal asignado da CSC, **o Equipo Covid enviará a listaxe de contactos estreitos á CSC a través da aplicación EduCovid.** No caso de que, conxuntamente coa CSC, **non se identifiquen contactos estreitos no centro, premerase igualmente o botón “Notificar a Sanidade” sen seleccionar a ningunha persoa.** Deste xeito, o estado do expediente pasará de “Petición de contactos” a “Contactos comunicados”, coa correspondente traza temporal.
- No descrito previamente asúmese que, se é o Equipo Covid quen lle notifica á CSC que no centro existe unha persoa cun diagnóstico confirmado de Covid-19, a CSC pode verificar esta información. **Pode ocorrer que á CSC aínda non dispoña da información necesaria para facelo, polo que nesta circunstancia procederase do xeito seguinte:**



ESTÁS NA
CASA



- 1. Unha vez recibida a notificación, á CSC axudará a buscar indicios que verifiquen que se trata dun caso confirmado de Covid. Se hai información abondo, ou non é posible desbotar a información como resultado dun erro, o Equipo Covid cargará o caso en EduCovid co IdOrixe 0000. Isto indicará que o caso aínda non está verificado.
- 2. Despois, procédese a identificar aos posibles contactos estreitos coma en calquera outro caso confirmado e gárdanse, pero non se notifican. Deste xeito, á CSC non lle chegará a listaxe de contactos estreitos e será a persoa directora do centro quen adiante esta información aos posibles contactos estreitos (a eles e só a eles). A dirección informará ás persoas afectadas que, conxuntamente coa CSC, determinouse que moi probablemente son contactos estreitos dun caso confirmado de Covid-19, polo que deben quedarse na casa en corentena.
- 3. Entre tanto, o resultado positivo chegará á CSC e haberá unha IdOrixe válida. Nese momento, a CSC chamará ao centro e facilitaralle esta IdOrixe, para que o Equipo Covid modifique o Id 0000 polo IdOrixe real. Unha vez feito isto, o centro educativo notificará a listaxe de contactos estreitos a través da aplicación e procederase de forma habitual, onde a CSC chamará aos contactos estreitos para enquisalos e iniciar o seguimento. En todo este proceso, esixirase **extremar a confidencialidade** profesional acerca da información da persoa diagnosticada da Covid.
- O rastrexo doutros eventuais contactos doutros ámbitos, incluídos os das actividades extraescolares non vinculadas ao centro, terán que ser recollidos pola autoridade sanitaria.
- Tras a aparición dun caso confirmado da Covid-19 seguiranse, en todo momento, as instrucións da Autoridade Sanitaria. A CSC encargárase da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos.
- A base de lexitimación legal para o intercambio de datos ten como fundamento o interese xeral na protección da saúde, polo que os datos do alumnado subministrados con consentimento dos representantes dos menores que obra nas bases de datos da Consellería de Educación poderán ser subministrados á autoridade sanitaria en cumprimento do deber de colaboración.
- **O equipo Covid** de cada centro **ten a obriga de segredo profesional sobre os datos sobre os que teña coñecemento por mor da aplicación do presente protocolo**. Resulta fundamental que os datos de contacto do alumnado e as súas familias estean actualizados en XADE. En caso contrario a CSC non poderá contactar co alumnado e familias afectadas. O profesorado e persoal non docente deberán manter os seus datos de contacto actualizados aos mesmos efectos.

MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

11) Croques da situación dos pupitres nas aulas ben de xeito individual ou croques xenérico que sexa reproducibles nos restantes espazos. Identificación da posición do profesorado.



ESTÁS NA
CASA



Educación Infantil




Educación Primaria



Educación Secundaria

** Por norma xeral, as aulas de cada etapa terán a distribución referida no plano correspondente, coas mesas e cadeiras colocadas de maneira individual, respectando a distancia de seguridade establecida e orientadas ou ben, cara ao taboleiro ou cara ao profesor, segundo a distribución da aula.*



ESTÁS NA
CASA



12) Cando o tamaño da aula non permita as distancias mínimas identificación de espazos ou salas para asignar a grupos.

13) Determinación das medidas para o uso de espazos de PT e AL, departamento de orientación ou aulas especiais do centro. Modelo de cuestionario avaliación de medidas como anexo ao Plan (pódese utilizar un semellante ao que figura neste protocolo).

Recoméndase o uso das máscaras dentro e fóra da aula cando non se cumpra coa distancia mínima de seguridade. No caso de non poder facer uso da mesma optarase por **outras fórmulas** que garantan a protección individual como pode ser o **uso de pantallas e mamparas** así como a protección colectiva, establecendo grupos de convivencia estable formados polo alumnado do mesmo grupo docente e aula. Neste caso limitaranse as interaccións dos grupos.

Nos casos nos que o alumnado non leve máscara e non se poida manter a distancia interpersonal, recoméndase o uso por parte do profesorado de máscara cirúrxica ou autofiltrante, ademais dunha pantalla ou viseira.

No **alumnado que non teña autonomía**, organizarase o **acompañamento** deste nas entradas, saídas, traslado polo centro e no momento do recreo, así como na hixiene de mans nos momentos de entrada ao centro, cambio de aula e de actividade, despois de ir ao baño, tras esbirrar ou tusir, antes e despois de comer e naqueles casos que sexa preciso, dando sempre marxe ao desenvolvemento da súa autonomía.

Asígnase ao alumnado o aseo próximo á aula EE no que se intensificará a limpeza e a desinfección como medida de prevención de risco.

O departamento de orientación colaborará co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precisa para a súa atención.

O centro educativo axustará todas as indicacións e comunicacións dirixidas a este alumnado que ten escolarizado, aos diferentes sistemas de comunicación utilizados co alumnado con necesidades educativas especiais.

O alumnado con necesidades educativas especiais contará cun **protocolo e orientacións de atención específicas**, con especial atención á unidades de Educación Especial.

Espazos PT e AL. Por norma xeral os apoios realizaranse nas aulas ordinarias. Só como medida extraordinaria acudirase á aula do Departamento de Orientación (Aula 5 de Primaria).

A especialista de AL desenvolverá a súa labor nun espazo específico con mampara e materiais de uso individual. Sempre que sexa posible manterá a distancia de seguridade de metro e medio, cando non sexa viable farase uso das máscaras individuais.

A especialista de PT, nos casos necesarios, poderá acudir á aula do Departamento, facendo uso do espazo próximo ao taboleiro e evitando o uso de zonas de paso ao espazo de AL.

Procurarase non empregar a aula de maneira simultánea por dúas especialistas. Ademais, tras o uso dalgún dos espazos da aula será precisa a ventilación da mesma, por un mínimo de 5'.

Para acceder á aula de Educación Especial realizarase a medida de hixienización de mans, preferentemente lavado de mans con auga e xabón. Do mesmo xeito que na saída da aula. O



ESTÁS NA
CASA



mesmo sucederá cos materiais e mesa e cadeiras, será necesaria a hixienización dos mesmos previo e posterior uso.

O persoal que preste atención a este alumnado valorará o emprego de pantallas/viseiras no caso de que o alumnado non poida facer uso das máscaras e a súa atención requira no respectar a distancia de seguridade.

Departamento de Orientación.

O despacho de orientación terá unha zona de uso exclusivo para a orientadora, que inclúe a mesa e ordenador, así como armarios e caixoneira de uso exclusivo. Os usuarios externos poderán acceder só de maneira individual, ocupando a mesa de atención ao público, mantendo a distancia mínima de 1,5m e sempre facendo uso da máscara de protección.

O despacho conta cunha mampara de protección como medida de prevención.

Na atención ao alumnado con NEE, e nos casos de ser necesaria unha atención que non respecte a distancia mínima de 1,5m, farase uso da mampara de protección.

Desinfectaranse as superficies usadas e ventilarase o espazo polos menos 5 minutos logo de cada sesión.

O acceso ao espazo de orientación require a desinfección de mans por medio do uso do xel hidroalcohólico ou polo lavado de mans.

Dixitalizaranse a maior parte dos documentos posibles para evitar o uso de papel. Na recepción de documentación doutros Centros establecerase un período de corentena de 2 días.

O uso de material do departamento requerirá da súa desinfección antes de despois do uso, por parte do usuario.

A orientadora valorará o uso de outras medidas de protección individual (pantalla facial...).

Aula de Educación Especial.

Na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais recoméndase o uso das máscaras dentro e fóra da aula cando non se cumpra coa distancia mínima de seguridade. No caso de non poder facer uso da mesma optarase por outras fórmulas que garantan a protección individual como pode ser o uso de pantallas e mamparas. Neste caso limitaranse as interaccións dos alumnos da aula.

O persoal que preste atención a este alumnado valorará o emprego de pantallas/viseiras no caso de que o alumnado non poida facer uso das máscaras e a súa atención requira no respectar a distancia de seguridade.

Asignaranse dous aseos de referencia no centro nos que se intensificará a limpeza e a desinfección como medida de prevención de risco, un nos aseos masculinos de Primaria e outro nos femininos.

O departamento de orientación colaborará co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precisa para a súa atención.



ESTÁS NA
CASA



O alumnado da aula de Educación especial está en modalidade combinada coas aulas ordinarias, polo que se adoptarán as mesmas medidas e se explicarán co fin de facilitar a comprensión das mesmas por parte deste alumnado.

Ver anexo co Protocolo e orientacións específico.

14) Determinación dos xeitos de realizar titorías coas familias.

A norma xeral será a realización de titorías vía chamada telefónica ou videochamada.

Cando non se poida realizar a titoría deste xeito, optarase por acordar un encontro do/a titor/a cun membro da familia. O encontro realizarase na Aula/Biblioteca escolar, empregando unha das mesas e ubicándose nos extremos opostos para manter a maior distancia posible. Así mesmo, será precisa a hixienización de mans na entrada e saída, así como a hixienización do mobiliario antes e despois do uso do espazo. A entrevista realizarase en todo caso coas máscaras preventivas.

Para xestionar os horarios de disponibilidad empregarase unha listaxe na que o profesorado deberá reservar o espazo. As sesións de disponibilidad xa establecerán tempos intermedios para a ventilación e hixienización do espazo e superficies.

15) Canles de información ás familias e persoas alleas ao centro (provedores, visitantes, persoal do concello....).

Para comunicados xerais empregaremos a páxina web.

Coas familias tamén se empregará a plataforma sallenet.

O resto das persoas interesadas en contactar co centro terán que solicitar cita previa por medio de contacto telefónico.

Desde o centro se informará, por diversas canles (reunións, titorías, cartelería, web...), a todos os membros da comunidade educativa sobre as medidas de prevención da transmisión da infección, as medidas de protección que se deben empregar e as instrucións para o correcto manexo das mesmas.

16) Uso da máscara no centro.

O uso da máscara será obrigatorio a partir dos 6 anos de idade con independencia do mantemento da distancia interpersonal, sen prexuízo das exencións previstas no ordenamento xurídico.

O alumnado (**a partir de 6 anos**) e o profesorado, así como o restante persoal, teñen a **obriga de usar máscaras durante toda a xornada lectiva** en todos os espazos do centro educativo, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade. Será obriga do alumnado levar unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor.

A obrigación contida no apartado anterior non será esixible para as persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan



ESTÁS NA
CASA



inviabile a súa utilización. **A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo do alumno/a ou da persoa obrigada.**

Subministrárase ás familias, o alumnado e o persoal dos centros a formación precisa sobre o uso correcto das máscaras, a súa duración ou necesidade de lavado e os sistemas de conservación e gardado durante períodos breves de non uso. A formación proporcionarase por diversos medios: web, presencial en reunións e nas aulas, cartelería...

Na cartelería do centro hai varios modelos que lembran a formación sobre uso de máscaras.

17) Información e distribución do Plan entre a comunidade educativa.

Nas xornadas iniciais de preparación do curso, o día 08 de setembro realizarase unha sesión formativa co profesorado na que se abordará o presente protocolo e as previsións iniciais, a falta das posibles modificacións. Posteriormente, o profesorado terá á súa disposición o Protocolo para a consulta do mesmo cando o precisen. Así mesmo, anunciaranse os cambios e modificacións necesarias en función das decisións adoptadas pola Xunta e os condicionantes da evolución da pandemia, nas reunións de etapa e claustros que se celebren ao longo do curso e, especialmente, nos iniciais no mes de setembro.

En canto á información ás familias, realizaránse dúas actuacións: dunha banda empregaremos a páxina web do centro para realizar os comunicados oficiais en relación aos accesos, métodos de comunicación, autoenquisas, etc, e doutra informaremos do Protocolo especificamente a través de sallenet. Ambos comunicados serán previos á incorporación ao curso escolar. Ademais, empregaremos indefinidamente as redes e a páxina web para divulgar información que incida principalmente na información sobre o coronavirus e as medidas de prevención.

Co alumnado levaremos a cabo xornadas de formación diarias, incidindo especialmente nas normas de hixiene, respecto de distancias de seguridade, etc. O primeiro día de clase recibirán a información relativa ao protocolo. Posteriormente realizaremos actividades específicas para lembrar as normas de covid, estas actividades realizaranse na primeira sesión dos luns ou no seu caso do primeiro día lectivo da semana, e de maneira transversal en diferentes materias lembraránse as medidas ao longo da semana.

Cando o protocolo quede pechado o subiremos á páxina web para que poida ser consultado pola comunidade educativa.


MEDIDAS DE LIMPEZA

18) Asignación de tarefas ao persoal de limpeza, espazos e mobiliario a limpar de xeito frecuente.

As traballadoras que asisten ao centro realizarán a limpeza de todos os aseos en profundidade. Tamén farán limpeza de superficies de contacto frecuentes (pomos de portas, mesas, pasamáns, percheiros, ...).

As medidas de limpeza estenderanse tamén, no seu caso, a zonas privadas dos traballadores, tales como sala de profesores/as, aseos, comedor...

Realizarase unha limpeza e desinfección dos postos de traballo compartidos, deixando que actúe o produto de limpeza, con especial atención ao mobiliario e outros elementos



ESTÁS NA
CASA



susceptibles de manipulación, sobre todo naqueles utilizados por máis dun usuario quen realizará ao finalizar o uso individual a limpeza dos elementos utilizados. Cada usuario ao terminar de utilizar un ordenador de uso compartido, limpará a superficie do teclado, do rato e da pantalla con xel desinfectante.

Espazos de múltiples usuarios:

Cando un profesional presta asistencia no mesmo espazo con diferentes alumnos/as de xeito consecutivo (orientador/a, profesor/a especialista, ou calquera outro) desinfectaranse as superficies usadas e ventilarase a aula ou sala polos menos 5 minutos logo de cada sesión.

Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) preparada recentemente ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade. No uso destes produtos sempre se respectarán as indicacións da etiquetaxe.

Logo de cada limpeza, os materiais empregados e os equipos de protección usados desbotaranse de xeito seguro, procedéndose posteriormente ao lavado de mans.

Deberá vixiarse a limpeza de papeleiras, de xeito que queden limpas e cos materiais recollidos, co fin de evitar calquera contacto accidental.

Ventilación:

Deben de realizarse tarefas de ventilación frecuente nas instalacións, e por espazo de polo menos 5 minutos (10 minutos cando a sala ou aula estivese ocupada previamente) ao inicio da xornada, ao finalizar e entre clases, sempre que sexa posible e coas medidas de prevención de accidentes necesarias.

Cando as condicións meteorolóxicas e do edificio o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.

19) Distribución horaria do persoal de limpeza e da alternancia semanal ou mensual de tarefas. (no caso de que existan dúas ou mais persoas de limpeza polo menos unha delas realizará o seu traballo en horario de mañá).

Realizarán o servizo de limpeza dúas traballadoras. En horario de 17.00 a 21.00 horas.

20) Material e proteccións para a realización das tarefas de limpeza.

O persoal responsable das tarefas de limpeza deberá portar as proteccións axeitadas (Epis), luvas e as medidas que para o desempeño da súa labor con seguridade sexan precisas.

21) Cadro de control de limpeza dos aseos.

Na entrada dos aseos estará o correspondente cadro de limpeza que será cuberto pola persoa de limpeza responsable.

22) Modelo de checklist para anotar as ventilacións das aulas (a colocar en cada aulas).



ESTÁS NA
CASA



En cada aula poremos unha folla de rexistro da ventilación para indicalo cada vez que se realice. A realización desta tarefa cobra especial importancia nas aulas de uso compartido, polo que deberá prestarse especial atención ao rexistro da mesma.

Ver anexos.

23) Determinación dos espazos para a xestión de residuos.

Recoméndase que os panos desbotables que o persoal e o alumnado empregue para o secado de mans ou para o cumprimento da “etiqueta respiratoria” sexan refugados en papeleiras con bolsa ou contedores protexidos con tapa e, se é posible, accionados por pedal. Para isto estarán dispoñibles as papeleiras en todas as aulas, na aula de aillamento e nos espazos de uso común do centro.

Todo material de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, etc.) debe depositarse na fracción resto (agrupación de residuos de CVE: i7MQFFC0B7 Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve> 23 orixe doméstica que se obtén unha vez efectuadas as recollidas separadas).

No caso de que un alumno/a ou unha persoa traballadora presente síntomas mentres se atope no centro educativo, será preciso illar o contedor onde se depositen os panos ou outros produtos usados por eles. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto. Realizarase a debida limpeza do espazo no que se levou a cabo o illamento preventivo, logo de que o alumno/a ou a persoa traballadora que presentou síntomas durante a xornada lectiva teña abandonado o centro educativo.

MATERIAL DE PROTECCIÓN

24) Rexistro e inventario do material do que dispón o centro.

Unha vez recibido o material (tanto o adquirido polo propio centro como o remitido pola Xunta) no Centro educativo organizaremos unha reunión do Equipo para inventariar as unidades e xestionar a distribución das mesmas, deixando rexistro por escrito dos materiais entregados para o seu uso no centro.

25) Determinación do sistema de compras do material de protección.

No Centro procedemos ao aprovisionamento de equipos de protección, en especial xel hidroalcohólico e os seus dispensadores, panos desbotables, materiais de limpeza e desinfección, luvas, papeleiras de pedal, impresión de cartelería e, cando resulten insuficientes, máscaras de protección. Todo isto quedará rexistrado na contabilidade no apartado de custos derivados do Covid.

26) Procedemento de distribución e entrega de material e da súa reposición.

O procedemento de distribución e entrega de material e da súa reposición estará xestionado por zonas/etapa. O profesorado comunicarlle ao responsable de zona a necesidade de reposición, e os responsables comunicaranllo á persoa responsable da reposición e, finalmente a administradora xestionará os gastos, realizando a contabilización para poder realizar a previsión de novas compras.



ESTÁS NA
CASA



XESTIÓN DOS GROMOS

27) A determinación das medidas pode ser referida a xenérica do protocolo das consellerías, unha propia do centro ou unha remisión ao Plan de continxencia.

Recollidas no Plan de continxencia.

28) Deben determinarse as persoas que realizarán as comunicacións das incidencias á autoridade sanitaria e educativa, que serán as integrantes do equipo Covid.

A persoa de referencia será o coordinador do Equipo (Dalmacio Corral). E, cando non sexa posible, calquera das outras persoas que forman parte do equipo.

XESTIÓN DAS PETICIÓNS DE SUPOSTOS DE VULNERABILIDADE

29) Canle de petición das solicitudes, de comunicación coa xefatura territorial e de solicitude, de ser o caso de persoal substituto.

A xestión dos supostos de vulnerabilidade nos Centros La Salle corre a cargo da empresa Cualtis.

O procedemento de actuación para a xestión de vulnerabilidade e persoal sensible está implantado a nivel nacional. Cualtis dispón dun formulario web no que o colexio pode expresar a súa necesidade de valoración destes/as traballadores/as <https://covid19.cualtis.com/formulario-valoracion-de-trabajadores-sensibles/> a partir de aí os/as traballadores/as enchen un cuestionario e son valorados. O colexio recibe o preceptivo informe de cada traballador/a.

No suposto de alumnado que poida ter a condición de vulnerable como consecuencia de patoloxías (agudas ou crónicas) que provoquen dependencia, os criterios sanitarios que rexerán asistencia a clase ou, de ser o caso, a escolarización domiciliaria serán os que recomende médico ou pediatra.

MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO

30) Determinación das entradas e saídas, organización das mesmas con horarios de ser o caso. Regulación da entrada de acompañantes do alumnado.

Establécense 3 entradas e saídas diferenciadas para o alumnado do centro. Quedando distribuídas do seguinte xeito: Infantil, 1º e 2º de Primaria accederán ao Centro pola porta B (zona de acceso ás aulas). 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria accederán pola porta A (zona de acceso principal do alumnado). Secundaria empregará a porta C (zona Administración). As portas de acceso aos patios tamén están diferenciadas, tendo unha específica para cada zona.

Organización das entradas e saídas, e horarios: Como norma xeral só poderán acceder ao recinto escolar os/as alumnos/as. Excepcionalmente terán permiso para acceder como acompañantes un familiar autorizado por cada alumno/a de Infantil, 1º e 2º de EPO, ou de NEE sen autonomía para desprazamentos individuais, sempre cos EPIs correspondentes, e só no acompañamento polo patio ate a porta de acceso.



ESTÁS NA
CASA



No caso de Infantil, 1º e 2º de Primaria, para evitar aglomeracións, dado que comparten porta de acceso, terán quendas diferenciadas de entrada e saída:

08.55-13.55 2º de EPO Familias ate o patio cuberto-Profesorado acompaña á aula.

09.00-14.00 1º de EPO Familias ate o patio cuberto-Profesorado acompaña á aula.

09.05-13.50 Infantil, entrando en primeiro lugar 6º, despois 5º e finalmente 4º, en quendas cada 5'.

Establécense zonas diferenciadas na zona de acceso con distancias de seguridade e supervisión do profesorado de aula e o de garda.

No caso de Primaria (3º, 4º, 5º e 6º) establécense zonas diferenciadas por curso escolar, con espazo suficiente para respectar as distancias e sempre empregando a máscara. A entrada será ordenada e diferenciada por curso e hora (ás 08.45 6º, 08.50 5º, 08.55 4º e ás 09.00 3º; e nas saídas: 13.45 6º, 13.50 5º, 13.55 4º e 14.00 3º) e realizarase baixo a supervisión do titor/a ou profesorado especialista. Reforzarase a vixianza, especialmente na zona de acceso ao centro, para evitar aglomeracións e interaccións entre grupos, por parte dun membro do equipo e profesorado especialista.

No caso de Secundaria, os accesos ao Centro realizaranse a partir das 08.20 pola porta C baixo a supervisión do profesorado asignado. O alumnado entrará directamente ás aulas, zona na que haberá profesorado supervisando os accesos ordenados. Ademais, á entrada do centro escolar a xefatura de estudos e profesorado ou persoal complementario realizarán a supervisión da hixienización de mans, así como a toma de temperatura como medida de prevención complementaria. Nas diferentes zonas de acceso haberá profesorado vixiando o respecto das distancias de seguridade, que estarán reforzadas coa sinalización no chan. O acceso ao centro escolar será exclusivamente a pé. As saídas faranse graduais desde as 13.50 evitando a interacción e aglomeracións dos grupos (4º, 3º, 2º e 1º).

No caso do alumnado da aula de Educación Especial, as entradas e saídas ao centro as realizarán cos seus grupos de referencia cando os horarios se correspondan e pola porta C cando teñan acceso directo á aula EE.

O profesorado que imparta a última sesión acompañará ao grupo ate o recinto exterior do centro, velando por unha saída ordenada, evitando aglomeracións e respectando as distancias de seguridade. No exterior do recinto escolar deben evitarse as aglomeracións e tempos de espera, aspecto que será responsabilidade do alumnado e familias, e que será recordado coa cartelería e nas reunión informativas.

Infantil será a etapa na que o acompañamento realizarase só ate a porta A, lugar no que o alumnado será recollido polo familiar cos Epis correspondentes, quen deberá dirixirse ao exterior do recinto inmediatamente, de maneira ordenada e respectando as distancias de seguridade e a ausencia de interaccións con outros grupos/persoas.



ESTÁS NA
CASA



A atención ás familias na zona de administración realizarase en horario de 09.30 a 12.00 para evitar coincidencias co acceso do alumnado de Secundaria e sempre con cita previa. A porta de acceso á administración será sempre a porta C, non podendo as familias circular polo Centro educativo. As titorías serán prioritariamente non presenciais e cando non sexa posible o horario de atención ás familias será fora do horario lectivo, para evitar coincidencia con intercambios, recreos, etc. Para outros aspectos xestionarase o horario de realización evitando sempre as coincidencias co alumnado.

As portas de acceso e saída (A, B e C) teñen dobre dirección, polo que establecerase unha direccionalidade única a respectar nos momentos/horarios de entrada e saída do alumnado establecidos, sendo restrinxido o uso da porta a tal fin ate que finalice o acceso ou saída do centro dos grupos. Nos corredores estableceranse sentidos de entrada e saída diferentes en ambas marxes do corredor de forma que indiquen a circulación pola dereita de forma individual respectando a distancia de seguridade. Estas circunstancias serán convenientemente sinalizadas mediante cartelería ou dispositivos visuais tanto no chan como nos paramentos.

Na entrada e saída da aula e nos momentos de retorno do recreo o profesorado velará pola orde dos movementos e fluxos do alumnado.

O profesorado a quen corresponda a última hora lectiva previa á saída velará porque o material está recollido e desinfectado polo alumnado; e o alumnado preparado para saír ordenadamente e respectando a distancia de seguridade no horario establecido pola dirección de xeito que se eviten demoras.

31) Determinación das portas de entrada e saída, das circulacións no centro educativo, uso de elevadores, núcleos de escaleiras, etc

Adxuntos nos anexos figuran os planos correspondentes.


32) Previsións sobre a colocación de cartelería e sinalética no centro, coa premisa de que a de prevención prima sobre calquera outra en relación coa súa ubicación.

O centro disporá de cartelería informativa nas entradas, corredores, escaleiras e zonas de recreo que advirta sobre o respecto da distancia de seguridade, sintomatoloxía do COVID 19 e medidas de hixiene social e individual.

Nas aulas e aseos reforzarase a información sobre hixiene individual. Tamén temos un semáforo móbil de aula que servirá de sinalización cando un alumno/a acuda ao w.c., levándoo consigo para fixar no velcro exterior do wc indicando a ocupación. As esferas vermellas estarán na entrada só indicando a ocupación, cando non están o w.c. está libre. Cada aula terá a súa esfera para evitar a manipulación dun obxecto de uso frecuente por múltiples persoas. E incluírase a esfera nos protocolos de hixienización de mobiliario e materiais de uso frecuente de aula.

A cartelería de uso preferente será a subministrada pola administración autonómica ou impresa polo centro en tamaño A3 ou superior, no caso de non recibir a da administración.

Na medida do posible evitarase, para facilitar a limpeza, a colocación de anuncios, collages, murais, ou outro material nas paredes de corredores e aulas.



ESTÁS NA
CASA



33) Asignacións do profesorado encargado da vixilancia.

Todo o profesorado está implicado nas labores de supervisión e vixianza, nos patios e nos traslados grupais en tempos de recreo e nos accesos e saídas.

MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS E ANPAS

35) Previsións en relación co programa de madrugadores ou de actividades previas ao inicio da xornada.

Seguirase o protocolo ordinario co engadido das prevencións en materia de consumo de alimentos.

No caso de alumnado de educación primaria será obrigatorio o uso de máscara, e recoméndase o seu uso para o alumnado de educación infantil, sempre que exista boa tolerancia. A entrada realizarase con máscara (opcional para o alumnado de Infantil) pola porta exterior A.

O alumnado entrará acompañado por un familiar coa protección Epi ate a porta do comedor, evitando aglomeracións e respectando a distancia de seguridade, sinalada no chan.

Os accesos ao centro deben ter a duración mínima imprescindible e realizaranse na franxa horaria establecida (07.30-08.30).

36) Previsións para a realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva ou posteriores ao servizo de comedor. Deberán ser coordinadas co organizador do servizo.

No primeiro trimestre con carácter xeral non se realizarán. Valorarase a súa realización segundo a evolución da pandemia, sempre seguindo os criterios recollidos no anexo correspondente.

Poderán realizarse, de maneira puntual, actividades asociadas ao programa de Club de lectura co alumnado de Secundaria, con autorización da familia, sempre en grupo estable e reducido e seguindo en todo momento as medidas de protección establecidas.

37) Determinacións para as xuntanzas de ANPAs e Consello Escolar.

As actividades das ANPAs celebraranse preferentemente por medios telemáticos evitando en todo caso a xuntanzas que supoñan un número elevado de persoas.

Os Consellos Escolares celebraranse preferentemente de xeito telemático. Cando se realicen de maneira presencial farase seguindo as medidas de protección establecidas (distancia + máscara + hixienización + ventilación) e realizaranse no salón de actos.

38) Previsión de realización de titorías e comunicacións coas familias.

Nas reunións de titoría e nas comunicacións por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada.



ESTÁS NA
CASA



Cando sexa precisa a presencialidade, o lugar de referencia será o espazo da biblioteca, en horario de tarde e coas ventilacións e medidas de hixienización establecidas por protocolo (distancia + máscara + hixienización + ventilación) .

Utilizarase como mecanismo de comunicación xeral coas familias a páxina web do centro e a plataforma salletnet.

39) Normas para a realización de eventos.

En xeral acollerémonos á recomendación de non realizar eventos ou celebracións con grande afluencia de persoas.

No caso de ter que realizarse cumpriranse estritamente as medidas de prevención, distanciamento e aforos. De realizarse, os eventos serán en espazos amplos e con posibilidade de ventilación, tendo definido no Centro como espazo de referencia o Salón de actos cun aforo inferior ao 50% da súa capacidade.

O uso deste espazo será regulado cun máximo de dous grupos por día, sempre respectando as distancias de seguridade, as medidas de hixienización de mans nas entradas e saídas ao espazo, así como a hixienización do mobiliario antes e despois do seu uso polo usuario ou polo servizo de limpeza do centro cando sexa posible. Todas persoas que accedan a estes espazos deberá facelo co EPI correspondente.

Os eventos serán da menor duración posible, evitando en todo caso superar os 60' de reunión. Unha vez finalizado o evento, deberase ventilar o espazo por un tempo mínimo de 10'. Establécese un tempo mínimo entre reunións de 30'.

MEDIDAS DE USO DE COMEDOR


41) Establecemento, de ser o caso, de quendas para o uso de comedor. Determinación dos lugares ocupados polos comensais.

No comedor escolar establécese unha única quenda, supervisada por persoal estable. O uso da máscara é obrigatorio para todos os usuarios/as, salvo no momento da alimentación, coa excepción do alumnado de Infantil en cuxo caso o uso da máscara é opcional. O alumnado usuario do comedor ten asignados postos fixos para todo o curso escolar.

Como medida preventiva, este curso escolar, ofrécese a posibilidade ás familias usuarias do comedor de recoller o menú nun envase desbotable que poidan levar a súa casa, non sendo preciso deste xeito que acudan ao comedor do centro escolar. Así minimízase a presencialidade e redúcese o risco de contaxios e contactos.

O aforo do comedor (uso presencial) será de 12 usuarios de Educación Infantil e 18 de EPO-ESO. Os lugares a ocupar polos comensais estará determinados fisicamente (cadeira e mesa). No comedor inicialmente estarán o persoal específico do catering e inicialmente unha persoa permanente colaboradora do centro escolar.

O servizo de comedor está xestionado por unha empresa de catering, que en todo caso deberá velar polo cumprimento das medidas específicas para a manipulación de alimentos e das seguintes medidas:



ESTÁS NA
CASA



1. O uso do comedor escolar queda limitado á capacidade sinalada para ter ao alumnado separado por 1,5 metros de distancia, sentados en oblicuo e sempre que non estean encarados.
2. O alumnado de ensino de infantil e primario, sentarase no seu grupo estable o que permite non respectar a distancia anterior, e sempre separando os grupos por 1,5 metros un do outro.
3. Os menús serán os utilizados habitualmente segundo a tempada, coa adaptación precisa para o menú desbotable refrixerado. Os menús serán empratados e servidos en bandexa.
4. O persoal colaborador respectará as rateos que correspondan ao número de alumnos/as presentes.
5. Instalar mamparas ou separacións de cando menos 0,60 cm de altura colocadas directamente sobre o mesado que separen alumnos encarados ou acaroados polo que non será preciso respectar a distancia de 1,5 metros.
6. Levarase acabo un rexistro dos lugares que ocupan cada un dos nenos/as, co obxectivo de facilitar a localización dos contactos en caso de gromos.
7. No caso de existir varios pratos secuenciais recoméndase o uso de máscara no período entre ambos.


O funcionamento do servizo de comedor escolar contará con instrucións específicas segundo os criterios que a autoridade sanitaria determine en cada momento.

MEDIDAS ESPECIFICAS PARA O USO DOUTROS ESPAZOS

44) Realizaranse as previsións que sexan precisas noutros espazos do centro tales como aulas especiais (tecnoloxía, música, debuxo, inglés, laboratorios, ...) ximnasios, pistas cubertas, salóns ou calquera outro espazo de uso educativo. As previsións incluírán as normas de uso e limpeza.

No Centro temos diferentes espazos de uso compartido e aulas especiais (informática, idiomas, ...) ximnasios, pistas cubertas, salóns ou calquera outro espazo de uso educativo. Estes espazos seguirán as seguintes normas de uso e limpeza:

- No Centro reducimos ao mínimo os usos de aulas específicas (informática, idiomas psicomotricidade), facendo uso habitual das mesmas só para desdobres por optatividade. Cando sexa preciso acudir a estas aulas, o profesorado anterior e o seguinte deberá estar informado para poder realizar os axustes necesarios para velar por unha correcta organización e xestión do tránsito. O profesor/a responsable da materia a impartir na aula de desdobre deberá acompañar ao alumnado no tránsito velando polo respecto das direccións nos corredores, o respecto das distancias de seguridade e os tempos de espera se hai algún agrupamento facendo uso da mesma aula. Unha vez que se acceda á mesma hai que realizar o protocolo de hixienización de mans e de mobiliario e materiais. Así como manter a ventilación entre clases, na



ESTÁS NA
CASA



entrada e na saída dun mínimo de 5'. O profesorado de garda deberá proporcionar apoio para velar polo respecto destas medidas nos espazos comúns.

- Ademais contamos con espazos de uso compartido (salón de actos, ximnasio e biblioteca) nos que se deben cumprir as mesmas medidas citadas no punto anterior.
- Por norma xeral o uso destes espazos estará asignado polos horarios establecidos, evitando as coincidencias de grupos no mesmo espazo.
- Para un uso puntual dos espazos por un grupo determinado, nunca por varios grupos-clase ao mesmo tempo, será precisa a planificación previa deixando constancia nun horario exposto á disposición do profesorado para a reserva de hora/uso na porta da aula/espazo en cuestión. E o profesorado responsable deberá velar por cumprir os tempos de ventilación e hixienización do espazo e mobiliario.
- O acceso ás aulas e espazos compartidos requirirá do cumprimento das medidas de hixiene anteriormente mencionados.

45) Existirán determinacións específicas para a materia de educación física.

O espazo preferente para a realización da materia de Educación Física será o pavillón exterior ou a aula ordinaria, deixando o uso do ximnasio para uso puntual cando as condicións climatolóxicas obriguen. E seguiranse as medidas de hixiene contempladas para o uso de espazos compartidos.

Os exercicios serán individuais na medida do posible minimizando o uso de materiais que teñan que ser compartidos por varios alumnos e procurando a súa limpeza e desinfección despois do seu uso.

Realizaranse as modificacións precisas na programación da materia. Nas clases de Educación Física o uso da máscara será obrigatorio agás que se realicen no exterior, de maneira individual, a máis de 2 metros de distancia interpersoal e o uso da máscara resulte inadecuado ou imposibilite a práctica.

46) Existirán determinacións específicas para a materia de música.

Realizaranse as modificacións precisas na programación da materia. Será preciso ter en conta que no caso de actividades con instrumentos de vento (como a frauta) ou actividade de canto hai que garantir unha distancia mínima interpersoal de 3 metros. Tamén sería aconsellable aumentar a ventilación ou realizar a actividade no exterior.

47) Regularase o proceso de cambio de aula ou a visita á aula especial ou espazos de uso educativo.

En Infantil e Primaria o espazo para impartir as diferentes materias será a aula ordinaria, quedando unicamente, en Primaria, Educación Física como materia cun espazo específico diferenciado da aula ordinaria, regulado no punto anterior. Puntualmente nestas etapas e de maneira extraordinaria, estas etapas poderán facer uso dalgún espazo compartido como pode ser a biblioteca ou o salón de actos, pero sempre seguindo os protocolos de uso de ditos espazos.



ESTÁS NA
CASA



En Secundaria, na medida do posible, a norma xeral é que o alumnado non cambiará de clase agás nos supostos excepcionais (optatividade). Para o que seguirán as normas especificadas anteriormente que inclúen os seguintes supostos:

No caso de ter que trasladarse a outra aula, avisarase ao profesor anterior para que finalice a súa clase 5 minutos antes de xeito que poida organizar a saída ordenada e paulatina do alumnado. A saída será ordenada e continua, de 1 en 1, deixando a distancia de seguridade. Agardarán polo/a profesor/a á entrada da nova aula en ringleira de 1 gardando a distancia de seguridade, evitándose a formación de aglomeracións de alumnado.

Se houbera outro grupo na nova aula; agardarase a que saia por completo o grupo anterior antes de entrar. Entrarase gardando a distancia evitando que se formen agrupacións de alumnado durante a espera, ventilarase a aula e o grupo entrante hixienizará pupitres ou mesas e cadeiras.

No caso de aulas de desdobre ou informática extremáranse os protocolos de limpeza por tratarse de aulas de uso máis compartido.

Nestas aulas tamén é obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas das mesmas.

O material que sexa compartido, de acordo coa metodoloxía propia de cada materia debe de ser desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase. Implicárase ao alumnado na concienciación social que ten a limpeza dos elementos comúns de uso privativo. Onde a materia o permita substituirase o emprego de materiais por simulacións virtuais con medios informáticos co fin de diminuír os contactos co material.

En cada unha das materias adaptarase a metodoloxía da aula evitando a formación de grupos e minimizando o contacto con materiais. En todo caso evitarase que o alumnado estea encarado a unha distancia inferior a 1 metro.

Con carácter xeral, o alumnado debe permanecer no seu sitio durante os cambios de clase.

48) As persoas responsables da biblioteca establecerán unhas normas de uso acomodadas as xerais establecidas no protocolo.

No actual curso escolar está prevista a recuperación funcional do espazo Biblioteca.

O profesorado poderá acudir ao espazo para facer uso da mesma sempre que o desexe, pero con solicitude previa (taboleiro compartido). O alumnado terá que manter distancias no acceso á mesma e respectar as distancias no acceso aos recursos. Ademáis, todos e todas deberán empregar o xel hidroalcolico antes de espois de estar na biblioteca.

En canto ao servizo de préstamo, optamos por manter o servizo de préstamo xestionado online, cunha previa suscripción das familias que desexen participar no mesmo, para a etapa de Infantil. A oferta será quincenal, sacando un banco de libros por medio da web e redes do centro. O reparto de libros realizarase por medio do persoal da biblioteca en colaboración cos titores/as para evitar romper o grupo burbulla.



ESTÁS NA
CASA



Recuperamos o servizo de préstamo en Primaria, establecendo 3 días de préstamo semanal (luns, mércores e venres), acudindo un curso por día e cun préstamo de 15 días. O acceso á biblioteca farase por grupo reducido (de 5 en 5), previa hixienización de mans. Promoverase un tránsito fluído que permita acceder ao alumnado que o desexe durante o horario previsto.

En Secundaria estableceranse 2 días á semana con acceso controlado por grupo/curso.

Continuaremos promovendo as actividades de dinamización lectora desde a comisión da biblioteca.

MEDIDAS ESPECIAIS PARA OS RECREOS

49) As determinacións sobre o horario do recreo, os espazos, de ser o caso incluso as divisións dos mesmos, e do uso e orde no recreo realizarase pormenorizadamente no plan con asignación de espazos a grupos ou niveis e coas previsións propias para os grupos.

No Centro o uso dos patios queda distribuído por cursos e etapas do seguinte xeito:

Infantil. Zona C en horarios diferenciados. A zona de xogos infantil (bambán, etc) abrirase unha vez remodelada. Horarios: 4º 10.20-10.40 e 12.20-12.40. 5º 11.00-11.20 e 12.40-13.00. 6º 10.40-11.00 e 13.00 a 13.20.

1º e 2º de Primaria. Zona C subdividida en 2 espazos diferenciados. A zona de xogos infantil (bambán, etc) quedará pechada. As diferentes zonas teñen accesos ao w.c. Horarios: 11.50-12.20. Os dous cursos organizaranse para acceder aos patios de maneira diferenciada e ordenada, sempre baixo a supervisión do profesorado.

3º, 4º, 5º e 6º de Primaria: 3º, 4º e 5º zona D en 3 espazos diferenciados. 6º zona B. As diferentes zonas teñen accesos ao w.c. Horarios: 11.50-12.20. Os cursos organizaranse para acceder aos patios de maneira diferenciada e ordenada, sempre baixo a supervisión do profesorado.


Secundaria: En horario de 10.10 a 10.25 1º, 2º e 3º farán uso da zona D, diferenciada en 3 espazos e 4º da zona B. En horario de 12.05 a 12.20 estarán facendo uso da zona A diferenciada en 4 espazos. As diferentes zonas teñen accesos ao w.c. Os cursos organizaranse para acceder aos patios de maneira diferenciada e ordenada, sempre baixo a supervisión do profesorado.

Todo o profesorado debe velar polo respecto de horarios e quendas de entrada e saída, facilitando a fluidez e os accesos dinámicos, evitando aglomeracións e agrupamentos. Deberán contemplar nas súas clases a anticipación na organización para as saídas. Así como acompañar aos grupos ate os patios, vixiando que se cumpran as normas.

As zonas de patios estarán marcadas, ben sexa por barreiras físicas, ben por sinalización visual.

Todo o profesorado estará nos patios e, organizaranse quendas de supervisión das zonas de w.c.

- Para máis detalle pódense consultar os planos nos anexos.



ESTÁS NA
CASA



50) Nas determinacións figurarán os criterios para a asignación do profesorado de vixilancia. Existirá un cadro que defina os horarios dos grupos de convivencia estable.

Cadro horarios recreos

Infantil

10.20-10.40 12.20-12.40	4º Infantil
11.00-11.20 12.40-13.00	5º Infantil
10.40-11.00 13.00-13.20	6º Infantil

1º e 2º

11.50-12.20	1º EPO
11.53-12.23	2º EPO

3º, 4º, 5º e 6º

11.50-12.24	3º
11.52-12.26	4º
11.54-12.28	5º
11.56-12.30	6º

ESO

10.10-10.25 12.05-12.20	1º
10.11-10.26 12.06-12.21	2º
10.12-10.27 12.07-12.22	3º
10.13-10.28 12.08-12.23	4º

O uso das máscaras no recreo é obrigatorio.

No caso de mal tempo os recreos realizaranse nas aulas ordinarias.



ESTÁS NA
CASA



Nos patios haberá indicacións visuais que lembren o mantemento das distancias de seguridade.

Como norma xeral o profesorado de secundaria que tiña a clase anterior ao recreo baixa acompañando ao grupo e o profesorado que ten clase a continuación sube co grupo que lle corresponde. O resto do profesorado estará distribuído nas zonas de aseos e apoiando a vixianza de grupos e o cumprimento das normas Covid e de convivencia. En Infantil e Primaria a norma xeral será que os titores/as acompañen ao seu grupo clase e o resto do profesorado supervise accesos a wc e actúe, como reforzo en Infantil, 1º e 2º ou en zonas comúns.

O alumnado de Educación Especial realizará o recreo co seu grupo de referencia, o persoal da aula repartirase nas diferentes zonas, acompañando ao alumnado con menor autonomía.

MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E DOS DOUS PRIMEIROS CURSOS DE PRIMARIA

51) Inclúense previsións sobre a metodoloxía na aula, o uso de baños que estean situados na mesma. Tamén figurarán determinacións sobre o traballo en recantos e de uso do material da aula.

En Educación infantil, tendo en conta as características das aulas e as necesidades derivadas do desenvolvemento evolutivo do alumnado, non será preciso manter a distancia interpersonal dun metro entre os nenos.

O profesorado terá que facer uso da máscara como medida preventiva.

As entradas, saídas e recreos faranse de forma gradual evitando o contacto entre grupos e mantendo adecuadamente a distancia de seguridade no momento da espera.

Cada aula terá asignada unha zona no patio escolar diferenciada para o recreo. O acceso aos patios estará regulado por tempos por aula, de maneira que as entradas e saídas sexan graduais.

Ao chegar á escola, establécese como rutina a toma de temperatura a todos os alumnos asistentes.

Ao inicio da xornada levaranse a cabo accións nas que se traballe a lembranza de normas de hixiene e a concienciación do alumnado coa pandemia, actividades que se realizarán presentadas como algo lúdico. Tendo en conta que o uso do xel hidroalcohólico en idades temperás pode supor o risco de que metan inmediatamente os dedos na boca, optárase polo uso de auga e xabón como método de hixiene preferente, empregando só os dispensadores de xel hidroalcohólico con supervisión.

Para o momento da asemblea empregárase a alfombra e tamén cadeiras, procurando unha maior separación entre alumnos/as.

Para o xogo en recantos (ambientes) organizarase a desinfección frecuente, tanto do espazo como dos materiais.

Evitar materiais de moitas pezas ou de materiais que serían de difícil desinfección.



ESTÁS NA
CASA



Eliminaranse os xoguetes ou obxectos que non sexan estritamente necesarios.

Incluirase nas rutinas de aula o lavado frecuente de mans, tanto con auga e xabón coma con hidroxel (baixo a supervisión do adulto), e a utilización do baño asignado por aula.

O uso dos baños estará controlado por unha esfera vermella con velcro por aula que levará o alumno/a e pegará na entrada para sinalizar a ocupación do mesmo. Os w.c. terán un aforo máximo dun alumno/a. A esfera será desinfectada despois de cada uso.

O almorzo de media mañá virá nunha bolsa impermeable de fácil desinfección no caso de ser necesario. Nela os alumnos traerán unha botella de auga de uso individual e alimentos que poidan tomar de forma autónoma para evitar a manipulación dos adultos.

Recoméndase o uso de máscara de protección sen chegar á obrigatoriedade.

Permítese o acceso aos elementos de xogo como tobogáns coas pautas descritas anteriormente.

En 1º e 2º o alumnado estará en individual coas distancias de seguridade, se ben dado que son grupos estables, poderán realizar traballos en pequenos agrupamentos cando sexa preciso.

As aulas de 4º e 5º farán uso dos wc anexos á aula de 4º de Infantil. 6º de infantil, 1º e 2º de primaria farán uso dos w.c anexos á aula de Educación especial.

O alumnado da aula de educación especial fará uso do wc correspondente á súa aula ordinaria, tendo en conta o asignado en cada grupo de sexo como de maior limpeza.

Para o alumnado de Educación Primaria extremarase o coidado coa utilización do xel hidroalcohólico, administrando unha cantidade de xel adecuada ao tamaño da man de cada neno/a, informando aos nenos e nenas de que debe ser absorbido antes realizar outras tarefas. Nos grupos de idade ata os 7 anos, deberase prestar especial atención por parte dos/as coidadores/as á aplicación do xel por parte do alumnado.

52) A maiores das previsións xerais sobre recreos existirá unha previsión específica para os xogos e actividades a realizar no tempo de recreo. Incluirase unha previsión sobre o tempo de merenda.

Para promover actividades lúdicas entre compañeiros/as sen contacto físico, sinalizaranse no chan diferentes xogos populares e tradicionais que poidan fomentar recreos dinámicos.

Os recreos serán sen balóns. Nas aulas de grupos estables poderá optarse por materiais para usar en pequeno grupo que estarán só á súa disposición e que deberán desinfectar ao regresar á aula.

Promoveranse xogos e dinámicas con menor contacto físico.

Sempre que o tempo o permita a merenda realizarase no exterior, de xeito individual. Cando non sexa posible realizarase na aula en espazos individuais diferenciados.



ESTÁS NA
CASA



NORMAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE NEE

54) O equipo Covid, en colaboración co departamento de orientación establecerá as medidas concretas en relación coa diferente tipoloxía de alumnado con NEE.

Seguiranse as pautas de seguridade e hixienización indicadas nos apartados anteriores de aula de Educación especial e alumnado con NEE.

A cartelería debe estar presente tamén en versión pictográfica, favorecendo a comprensión do alumnado con NEE. Ademais, na aula de educación especial hai cartelería con diferentes texturas e a gran tamaño para favorecer a comprensión do alumnado con deficiencia visual.

Na aula de EE débese reforzar a aprendizaxe das pautas básicas de prevención e hixienización, realizando o acompañamento e guiando ao alumnado nos diferentes pasos no lavado de mans e na metodoloxía de sinalización de uso do wc. Estas tarefas realizaranse diariamente ate que o alumnado domine con autonomía os pasos a dar para seguir o protocolo pautado.

O alumnado da aula de Educación especial está en modalidade combinada coas aulas ordinarias, polo que se adoptarán as mesmas medidas e se explicarán e entrenarán diariamente co fin de facilitar a comprensión das mesmas por parte deste alumnado.

55) Particularizanse as tarefas e medidas que o persoal docente e coidador debe de extremar en relación co alumnado. As medidas serán obxecto de seguimento continuo para a súa adaptación a cada circunstancia.

Axustaremos as medidas adoptadas en función da capacidade de adaptación do alumnado. Este curso teremos alumnado de nova incorporación na aula, polo que debemos valorar as necesidades ante a nova incorporación.

Valorarase a necesidade de instalar mamparas de protección.

PREVISIÓNS ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO

56) Para as reunións de profesorado, uso da sala de profesores e departamentos estableceranse as medidas que sexan oportunas en función do número de persoas e aforos dispoñibles. Existirán previsións para o uso de máquinas de vending ou cafeteiras.

Corresponde ao profesorado manter unha conduta exemplarizante no cumprimento das medidas de protección, ademais, de acordo coas capacidades do grupo, aproveitarase calquera contido para inculcar no alumnado a concienciación sobre o carácter social da pandemia e o beneficio común do cumprimento das normas.

O profesorado disporá dunha dotación de material de hixiene composto por panos desbotables, solución desinfectante (ubicado na mesa do profesor/a en cada unha das aulas) e xel hidroalcohólico para o seu uso individual, que usará en cada cambio de aula e na limpeza da súa mesa e cadeira, así como do material do profesorado de uso non individual que teña utilizado en cada unha das aulas. Este material, de limpeza e desinfección, foi subministrado polo centro educativo.



ESTÁS NA
CASA



En cada cambio de grupo o profesorado responsabilizarase da hixiene das súas mans e do material de uso docente, do cumprimento das medidas de ventilación e de lembrar as medidas hixiénicas e de seguridade ao alumnado.

Todas as reunións do profesorado realizaranse cumprindo as normas de protección e o aforo dos locais, cando non sexa posible deste xeito usaranse medios telemáticos.

O aforo máximo da sala de profesores/as é de 7 persoas empregando os espazos sinalizados. Na sala da fotocopiadora o aforo é de 5 persoas, 2 nos espazos con equipo informático, 1 na fotocopiadora, 1 na guillotina e 1 de usos múltiples. Nas salas de titorías nas diferentes etapas o aforo máximo será de 2 persoas respectando a distancia de seguridade de 1,5 metros. Nestes espazos será preciso realizar a hixienización do mobiliario e materiais antes e despois do uso dos mesmos.

Na sala de profesores/as recomendándose o uso de materiais e recipientes individuais, non se aconsella o uso da cafeteira e, de optarse polo seu uso a persoa que o faga debe limpar a cafeteira e o espazo asignado (mesa) antes e despois do seu uso.

57) O centro incluírá previsións para acomodar ás situacións máis seguras a reunión dos órganos colexiados do centro, mediante o uso de ser o caso de ferramentas de comunicación a distancia.

As titorías realizaranse segundo o establecido anteriormente no apartado correspondente.

As reunións de profesorado realizaranse por vía telemática ou presencial, cando sexa presencial empregarase preferentemente a biblioteca/salón de actos.


Os órganos colexiados poderanse constituír, convocar, celebrar a súas sesións, adoptar acordos e remitir actas a distancia. As reunións do Consello escolar serán por videoconferencia.

Nas sesións que se celebren a distancia deben garantirse a identidade dos membros que participen, o contido das súas manifestacións e o sentido do seu voto. A estes efectos considérase validamente emitido o voto formalizado na propia sesión da videoconferencia ou o emitido por correo electrónico.

Agás nos casos nos que resulte imposible pola necesidade de cumprir prazos perentorios, as convocatorias serán remitidas aos membros do órgano colexiado a través de medios electrónicos, facendo constar na mesma a orde do día, a documentación da mesma e un documento no que se poida formalizar para cada un dos puntos por separado o senso das votacións.

MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO

58) De conformidade coas previsións do plan de formación do profesorado e cos programas formativos existentes no centro intensificarase a educación en saúde, particularmente na prevención fronte a Covid-19. No plan existirá unha previsión das actividades que ao longo do curso se realizará co alumnado e unha previsión xeral do carácter transversal da prevención e hixiene fronte ao SARS-CoV-2.



ESTÁS NA
CASA



59) O Plan regulará a difusión da información das medidas de prevención e a distribución das medidas e comunicacións que realice a Consellería de Sanidade e a de Educación. Así mesmo en colaboración co centro de saúde de referencia incluírá posibles charlas do persoal sanitario sobre a prevención e protección. Establecerase a información que será de uso obrigado na web do centro.

De conformidade coas previsións do plan de formación do profesorado e cos programas formativos existentes no centro intensificarase a educación en saúde, particularmente na prevención fronte a COVID-19.

Especialmente no primeiro trimestre estableceranse accións didácticas no inicio da actividade lectiva encamiñadas á aprendizaxe e interiorización das medidas de hixiene e prevención fronte ao Sars-Cov-2 nas diferentes etapas. Estas medidas serán sistemáticas no inicio do curso, cunha sesión inicial diaria que, conforme a idade e aprendizaxe do alumnado o permitan se irán reducindo, quedando nun recordatorio semanal, na sesión inicial dos luns como mantemento para non baixar a garda.

Ademais, de maneira transversal levaranse a cabo actividades encamiñadas a reforzar as medidas a adoptar fronte a Covid ao longo de todo o curso, aproveitando os materiais de referencia que puideran ser proporcionados polas Consellerías de Educación e Sanidade, ou aqueles outros que pola súa calidade o profesorado considere beneficiosos. A tal fin aproveitaranse as ofertas formativas que se acheguen desde os Centros de Saúde e asociacións de referencia como método de aprendizaxe para a Educación para a Saúde (posibles charlas de profesionais do centro de saúde, etc). Estas iniciativas quedarán recollidas no PAT.

As medidas de prevención que realice a Consellería de Sanidade e a de Educación, serán postas en coñecemento de toda a comunidade educativa a través da páxina Web do Centro, ademais de por medio de cartelería no propio centro e da distribución das mesmas a través da nosa plataforma.

Todo o profesorado estará implicado na implantación das aulas virtuais, xa que seguiremos o mesmo procedemento que no ano anterior, cando todo o persoal empregou este sistema. O persoal de nova incorporación terá o acompañamento do responsable da plataforma Sallenet do centro (José Manuel), así como da persoa encargada da xefatura de estudos na súa etapa. O espazo creado pola Consellería para as aulas virtuais non é accesible para os centros concertados, polo que non se empregará no actual curso académico.

O equipo COVID para asegurar que a información sobre os protocolos de actuación e as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde implantadas no centro educativo chegan e son comprendidas por toda a comunidade educativa:

- Proporcionará información e facilitará a adquisición de habilidades sobre as medidas de prevención e hixiene aos traballadores/as do centro educativo, que á súa vez facilitarán a comunicación ao resto da comunidade educativa. Esta medida iníciase coa formación inicial no mes de Agosto.
- Enviará a información a todas as familias, publicitando as medidas na páxina web e enviando a información a través da plataforma do centro. Ademais, establécese como canle dispoñible para a solución de dúbidas que poidan xurdir o contacto telefónico co responsable do Equipo ou a consulta de dúbidas ao correo electrónico direccion@lasalleferrol.es.



ESTÁS NA
CASA



- Potenciarase o uso de infografías, carteis e sinalización que fomenta o cumprimento e comprensión das medidas de prevención e hixiene. Coidarase que esta información sexa actualizada no caso de que cambien as indicacións das autoridades sanitarias.

Desenvolveranse iniciativas para dinamizar e promover hábitos de vida activa e saudable no centros educativo con programas como o Plan proxecta. Dúas liñas marcadas:

- Hábitos de alimentación saudable.
- Vida activa que inclúa a actividade física no día a día e ao longo da vida.

Promoverase a realización de actividades formativas mediante fórmulas de teleformación, aproveitando a oferta que proporcione a Consellería de Sanidade e o Sergas, así como a oferta formativa do Plan de formación do profesorado para o curso 2021/2022.

60) O “Plan de adaptación á situación Covid-19” é un documento público do centro que estará a disposición das autoridades sanitarias e educativas e poderá ser consultado por calquera membro da comunidade educativa. Será obxecto de difusión na paxina web do centro e por aquelas canles que o centro considere oportunas.

O documento debe ser aprobado pola dirección do centro educativo e do seu contido será informado o consello escolar. Os centros privados concertados deberán remitir á inspección educativa o Plan de Medidas Preventivas acordado de conformidade co establecido na disposición final 5ª da Orde SND/399/2020.

O “Plan de adaptación á situación COVID-19 no curso 2021/2022” será comunicado ao persoal do centro, a todas as familias e ao alumnado, neste último caso a partir dos niveis de ensino obrigatorio. Será remitido tamén a Inspección Educativa xunto co resto da documentación correspondente ao inicio de curso.